

súas competencias exclusivas e compartidas en materia de función pública.

2. Así mesmo, para a negociación de todas aquelas materias e condicións xerais de traballo comúns ao persoal funcionario, estatutario e laboral de cada Administración pública, constituirase na Administración xeral do Estado, e en cada unha das comunidades autónomas e entidades locais, unha mesa xeral de negociación.

Son de aplicación a estas mesas xerais os criterios sinalados no punto 1 da presente disposición adicional sobre representación das organizacións sindicais na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas, tomando en consideración en cada caso os resultados obtidos nas eleccións aos órganos de representación do persoal funcionario, do persoal estatutario e do persoal laboral do correspondente ámbito de representación.

Ademais, tamén estarán presentes nestas mesas xerais as organizacións sindicais que formen parte da mesa xeral de negociación das administracións públicas sempre que obtivesen o 10 por 100 dos representantes para persoal funcionario ou persoal laboral no ámbito correspondente á mesa de que se trate.»

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública:

Un. Modifícase a letra a) do artigo 30.1, e créase unha nova letra a) bis, no devandito artigo, coa seguinte redacción:

«1. Concederanse permisos polas seguintes causas xustificadas:

a) Polo nacemento, acollemento ou adopción dun fillo, dez días que desfrutará o pai a partir da data do nacemento, da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola cal se constituía a adopción.

a bis) Polo falecemento, accidente ou enfermidade graves dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade, e cinco días hábiles cando sexa en distinta localidade.

Cando se trate do falecemento, accidente ou enfermidade graves dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, o permiso será de dous días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade e catro días hábiles cando sexa en distinta localidade.»

Dous. Engádesse un parágrafo á letra f) do artigo 30.1, coa seguinte redacción:

«Igualmente, a funcionaria poderá solicitar a substitución do tempo de lactación por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas o tempo correspondente.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 20 de xuño de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

11051 *REAL DECRETO 711/2006, do 9 de xuño, polo que se modifican determinados reais decretos relativos á inspección técnica de vehículos (ITV) e á homologación de vehículos, as súas partes e pezas, e modifícase, así mesmo, o Regulamento xeral de vehículos, aprobado por Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro. («BOE» 147, de 21-6-2006.)*

No Consello de Ministros celebrado o 17 de outubro de 2003, o ministro do Interior presentou un informe sobre o Plan especial de seguridade viaria para o ano 2004. Entre as medidas recollidas no devandito informe, na epígrafe de acondicionamento e servizos, figuraba a implantación da inspección técnica de vehículos (ITV) para os ciclomotores.

A inspección técnica de vehículos está regulada en España polo Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro. No artigo 6 do devandito real decreto establécense os vehículos que deben pasar inspección periódica, así como as frecuencias de inspección en función da súa categoría, uso, servizo, dedicación, capacidade e masa máxima autorizada (MMA).

Resulta, por tanto, necesario modificar o citado artigo para incluír os ciclomotores, asignarlles as frecuencias de inspección, e, por coherencia co anterior e coas categorías dos vehículos definidas no Regulamento xeral de vehículos, aprobado por Real decreto 2822/1998, do 23 de setembro, incluír tamén os vehículos de tres rodas, cuadríciclos, quads e cuadríciclos lixeiros, modificando a epígrafe do devandito artigo relativo ás motocicletas.

Tamén se considerou conveniente encadrar as autocaravanas e vehículos vivenda na epígrafe de frecuencias de inspección dos vehículos de turismo, así como concretar que vehículos están incluídos dentro do concepto de aluguer e escola de condutores para os mesmos efectos. Finalmente, é necesario incluír en diversos artigos do Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, o certificado de características dos ciclomotores e cuadríciclos lixeiros que, para os vehículos matriculados ata a entrada en vigor deste real decreto, se utilizará como documento de anotación das inspeccións, ao mesmo tempo que outras correccións técnicas en diversos artigos do Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro.

Polas mesmas razóns é tamén preciso modificar diversos artigos do Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro, sobre normas xerais de instalación e funcionamento das estacións ITV.

Igualmente, é preciso modificar os anexos 10 e 11 do Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro, sobre homologación de tipos de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, así como de partes e pezas dos devanditos vehículos, para estender o uso da tarxeta ITV aos ciclomotores e cuadríciclos lixeiros.

É conveniente, por outra parte, modificar os plans de control e calibración dos equipamentos de inspección que figuran no Real decreto 833/2003, do 27 de xuño, polo que se establecen os requisitos técnicos que deben cumprir as estacións de inspección técnica de vehículos (ITV), co fin de ser autorizadas para realizar esta actividade, dado que, ademais doutras razóns, está previsto realizar medicións de nivel sonoro nas categorías de vehículos para as cales existan procedementos e niveis regulamentarios, debéndose establecer frecuencias de control e calibración dos equipamentos necesarios.

Finalmente, é tamén preciso modificar varios anexos do Regulamento xeral de vehículos para, por un lado, definir os vehículos quad-ATV e, por outro lado, considerar o certificado de características dos ciclomotores e

cuadriciclos lixeiros como documento onde figuran as inspeccións destes vehículos.

Dado que o desprazamento dos ciclomotores de dúas rodas ás estacións ITV para seren sometidos a inspección pode verse afectado por restricións á circulación, en moitos casos será preciso habilitar estacións móbiles que se despracen aos núcleos urbanos. Tendo en conta esta necesidade, e dado que estes vehículos teñen uns percorridos que rara vez exceden os límites da comunidade autónoma, e mesmo do municipio, considerouse conveniente que sexan as comunidades autónomas as que determinen, finalmente e no ámbito das súas competencias, a data de entrada en vigor da obrigatoriedade da inspección periódica dos ciclomotores de dúas rodas, pero cun atraso menor de tres anos desde a publicación no «Boletín Oficial del Estado» deste real decreto.

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias exclusivas que o Estado ten atribuídas en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor polo artigo 149.1.21.^a da Constitución española.

Esta disposición foi sometida a trámite de audiencia dos sectores afectados segundo o previsto no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Así mesmo, foi sometida ao procedemento de remisión de información en materia de normas e regulamentos técnicos e de regulamentos relativos á sociedade da información, regulado polo Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, para os efectos de lle dar cumprimento ao disposto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, modificada pola Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo de 1998.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e do Interior, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación no Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de xuño de 2006,

DISPÓN O:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, polo que se regula a inspección técnica de vehículos.*

O Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, polo que se regula a inspección técnica de vehículos, queda modificado como se dispón a continuación:

Un. O punto 1 do artigo 6 queda redactado nos seguintes termos:

«1. A inspección técnica periódica dos vehículos farase coa seguinte frecuencia:

a) Motocicletas, vehículos de tres rodas, cuadriciclos, quads, ciclomotores de tres rodas e cuadriciclos lixeiros.

Antigüidade:

Ata catro anos: exento.

De máis de catro anos: bienal.

b) Ciclomotores de dúas rodas.

Antigüidade:

Ata tres anos: exento.

De máis de tres anos: bienal.

c) Vehículos de uso privado dedicados ao transporte de persoas, excluídos os que figuran nas epígrafes a) e b), con capacidade ata nove prazas, incluído o condutor, autocaravanas e vehículos vivenda.

Antigüidade:

Ata catro anos: exento.

De máis de catro anos: bienal.

De máis de dez anos: anual.

d) Ambulancias e vehículos de servizo público dedicados ao transporte de persoas, incluído o transporte escolar, con ou sen aparello taxímetro, con capacidade de ata nove prazas, incluído o condutor.

Antigüidade:

Ata cinco anos: anual.

De máis de cinco anos: semestral.

e) Vehículos de servizo de aluguer con ou sen condutor e de escola de condutores, dedicados ao transporte de persoas con capacidade de ata nove prazas, incluído o condutor, incluíndo as motocicletas, vehículos de tres rodas, cuadriciclos, quads, ciclomotores e cuadriciclos lixeiros.

Antigüidade:

Ata dous anos: exento.

De dous a cinco anos: anual.

De máis de cinco anos: semestral.

f) Vehículos dedicados ao transporte de persoas, incluído o transporte escolar e de menores, con capacidade para dez ou máis prazas, incluído o condutor.

Antigüidade:

Ata cinco anos: anual.

De máis de cinco anos: semestral.

g) Vehículos e conxuntos de vehículos dedicados ao transporte de mercadorías ou cousas, de MMA 3,5 t (masa máxima autorizada menor ou igual a 3,5 t).

Antigüidade:

Ata dous anos: exento.

De dous a seis anos: bienal.

De seis a dez anos: anual.

De máis de dez anos: semestral.

h) Vehículos dedicados ao transporte de mercadorías ou cousas, de MMA > 3,5 t.

Antigüidade:

Ata dez anos: anual.

De máis de dez anos: semestral.

i) Caravanas remolcadas de MMA > 750 kg.

Antigüidade:

Ata seis anos: exento.

De máis de seis anos: bienal.

j) Tractores agrícolas, maquinaria agrícola autopropulsada, remolques agrícolas e outros vehículos agrícolas especiais, excepto motocultores e máquinas equiparadas.

Antigüidade:

Ata oito anos: exento.

De oito a dezaseis anos: bienal.

De máis de dezaseis anos: anual.

k) Vehículos especiais destinados a obras e servizos e maquinaria autopropulsada, con exclusión daqueles cuxa velocidade por construción sexa menor de 25 km/h.

Antigüidade:

Ata catro anos: exento.

De catro a dez anos: bienal.

De máis de dez anos: anual.

l) Estacións transformadoras móbiles e vehículos adaptados para a maquinaria do circo ou feiras recreativas ambulantes.

Antigüidade:

Ata catro anos: exento.

De catro a seis anos: bienal.

De máis de seis anos: anual.

Os vehículos catalogados como históricos someteranse a inspeccións periódicas nas condicións que sinala o órgano competente da comunidade autónoma onde resida o propietario, exceptuando os vehículos de colección, que se someterán a inspección técnica periódica segundo as frecuencias que lle correspondan consonte o disposto neste artigo.

A antigüidade do vehículo deberá ser computada a partir da data de matriculación que conste no permiso de circulación.

No caso de vehículos xa matriculados con anterioridade, tanto en territorio nacional como no estranxeiro, a antigüidade do vehículo deberá ser computada a partir da data de primeira matriculación ou posta en servizo que conste no permiso de circulación do vehículo ou documento equivalente.

No caso de vehículos mixtos a frecuencia de inspección aplicable será a máis restritiva entre os correspondentes ao transporte de persoas ou mercadorías aplicable ao vehículo de que se trate.»

Dous. Modifícase o punto 6 do artigo 6, cuxa redacción pasa a ser a seguinte:

«6. Nos casos en que o vehículo, por cambio de uso, servizo, dedicación ou destino, se vise obrigado a unha frecuencia de inspección máis severa ou implícase algunha modificación técnica do vehículo, deberá realizarse unha inspección, anotándose na tarxeta ITV o novo destino e a nova data de inspección correspondente á nova periodicidade polo órgano competente da comunidade autónoma onde se realizou a inspección.

Se o cambio de uso, servizo, dedicación ou destino do vehículo ten lugar antes do vencemento do primeiro prazo de inspección, e non implica ningunha modificación técnica do vehículo, soamente se realizará a anotación pertinente na tarxeta ITV, anotándose como prazo da primeira inspección a que lle correspondería á situación máis severa das dúas. No caso de vehículos de turismo, non serán necesarias tales anotacións se o fabricante inclúe na epígrafe observacións da tarxeta ITV unha dilixencia indicando que o vehículo deberá pasar a primeira inspección periódica aos dous anos da súa matriculación se foi destinado a aluguer sen condutor e pasase a destino ou servizo particular.»

Tres. Modifícase o punto 2 do artigo 8, que queda redactado do seguinte modo:

«2. Os titulares dos vehículos serán directamente responsables ante as autoridades competentes de manter a vixencia da tarxeta ITV ou certificado de características mediante a presentación daqueles a inspección, dentro dos prazos establecidos.»

Catro. Modifícase o artigo 9, cuxo teor pasa a ser o seguinte:

«Artigo 9.

Nos casos de incumprimento do establecido en materia de inspeccións nos artigos 3 e 6 deste real decreto, os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico, sen prexuízo da denuncia, que terán que formular polas infraccións correspondentes, intervirán o permiso ou licenza de circulación do vehículo, entregando na súa substitución un volante

en que se reflecta polo menos a matrícula, a data da primeira matriculación e servizo que presta, concedéndosele ao titular do vehículo un prazo de dez días, co único obxectivo de continuar a viaxe e proceder ao seu traslado para someterse á inspección técnica, e se transcorre o prazo indicado sen que se xustifícase ter presentado o vehículo á citada inspección, o órgano competente que tramita a denuncia acordará a precintaxe do mencionado vehículo.»

Cinco. O artigo 11 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 11.

1. O resultado das inspeccións técnicas farao constar a entidade que a efectúe, na tarxeta ITV ou certificado de características.

2. Se o resultado dunha inspección técnica fose desfavorable, a estación ITV concederalle ao seu titular, para emendar os defectos observados, un prazo inferior a dous meses, cuxa extensión concreta se determinará tendo en conta a natureza de tales defectos. O titular do vehículo será directamente responsable de que se repare o vehículo, que quedará inhabilitado para circular polas vías públicas, excepto para o seu traslado ao taller ou para a regularización da súa situación e volta á estación ITV para nova inspección.

Unha vez emendados os defectos, deberá presentar o vehículo a nova inspección na mesma estación ITV ou na que designe o órgano competente da comunidade autónoma, logo de petición do titular e cando existan razóns que o xustifiquen.

Se transcorridos dous meses o vehículo non se presentou a inspección, a estación ITV comunicarllo á xefatura provincial ou local de tráfico, proponendo a baixa do vehículo.

Se o vehículo fose presentado á segunda revisión fóra do prazo concedido para a súa reparación, deberá realizarse unha inspección completa do vehículo.

3. Sen prexuízo do establecido no artigo 35.2 do Regulamento xeral de vehículos, se nunha inspección técnica desfavorable o vehículo presentase deficiencias ou desgastes de tal natureza que a súa utilización constituise un perigo para os seus ocupantes ou para os demais usuarios da vía pública, a estación ITV cualificará a inspección como negativa. Neste suposto, o eventual traslado do vehículo desde a estación ata o seu destino realizarase por medios alleos ao propio vehículo, manténdose as actuacións que para as inspeccións técnicas desfavorables se establecen no punto anterior.

4. En todos os casos, a relación de defectos observados na inspección deberá ser certificada no informe oficial de inspección técnica de vehículos a que se refire o artigo 13 deste real decreto.

5. No caso de que unha inspección técnica fose desfavorable ou cualificada como negativa, o interesado non poderá solicitar a outra estación ITV unha nova inspección, salvo autorización expresa do órgano competente da comunidade autónoma onde se realizou a inspección.

6. O resultado de todas as inspeccións seralle comunicado pola estación ITV que as efectúe ao órgano competente da comunidade autónoma, o cal llo comunicará por medios telemáticos ao organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico. Así mesmo, con periodicidade anual enviaranse ao centro directivo competente en materia de seguranza industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, na forma que se prevexa regulamentariamente, informes sobre o número e os resultados das inspeccións técnicas dos vehículos e da frecuencia dos defectos observados.

7. Todas as inspeccións favorables e os seus resultados se anotarán no Rexistro de vehículos da Dirección Xeral de Tráfico, anotación que, conforme o artigo sexto da Lei 16/1979, do 2 de outubro, devengará a taxa correspondente. Consonte o establecido no artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a xestión da taxa poderá ser obxecto de encomenda de xestión pola Administración xeral do Estado ás comunidades autónomas, mediante a subscripción do correspondente convenio en que se determinará o procedemento para a transferencia á Dirección Xeral de Tráfico da recadación da taxa efectuada polo organismo inspector.»

Seis. Modifícase o artigo 13, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 13.

En todos os casos en que un vehículo sexa inspeccionado nunha estación de ITV emitírase un informe de ITV consonte o previsto polo Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro, que deberá ir asinado polo director técnico da estación ITV ou pola persoa en quen delegase, logo de autorización do órgano competente da comunidade autónoma. A anotación do resultado da inspección na tarxeta ITV ou certificado de características deberá ser asinada polas persoas antes indicadas.»

Sete. Modifícase o artigo 14, cuxa redacción pasa a ser a seguinte:

«Artigo 14.

1. Todos os vehículos que superasen favorablemente a inspección técnica deberán levar o distintivo indicado no Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro.

2. Todos os vehículos que pasasen unha inspección técnica deberán levar o último informe de inspección, a que se refire o artigo 13, que o condutor deberá exhibir ante os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico que llo soliciten.»

Oito. Modifícase a alínea b) do punto 1 da disposición adicional primeira, que queda redactada como segue:

«b) Inspeccións previas para a cualificación de idoneidade de vehículos destinados ao transporte escolar e de menores.»

Novo. A disposición adicional segunda queda suprimida.

Artigo segundo. Modificación do Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro, polo que se ditan normas sobre homologación de tipos de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, así como de partes e pezas dos devanditos vehículos.

Os anexos 10 e 11 do Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro, modifícanse do seguinte modo:

Un. Suprímese o punto 1.1.5 do anexo 10.

Dous. Suprímense os modelos de certificado de características de ciclomotores e cuadríciclos lixeiros que figuran no apéndice 1 do anexo 10.

Tres. Suprímense as mencións «e/ou certificado de características» nos puntos 1.1, 1.5, 1.7 e 1.8 do anexo 11.

Catro. Suprímense os puntos 10 e 11 do anexo 11.

Cinco. Engádense os seguintes puntos ao anexo:

«2.5 Instrucións específicas para ciclomotores e cuadríciclos lixeiros.

2.5.1 Anularanse cunha raia os puntos 2.2.1.6., 2.2.1.6.2, 2.2.1.6.3, e desde o punto 2.2.1.7 ata o punto 2.2.1.11, ambos inclusive.

2.5.2 Na epígrafe observacións consignarase LEVA CINTOS se o vehículo equipa cintos de seguraza homologados, e NON LEVA CINTOS en caso contrario.

2.5.3 Na epígrafe observacións consignarase o valor da velocidade máxima por construción en km/h.

2.5.4 Na epígrafe número de asentos consignarase o número de prazas do vehículo.

2.5.5 Na epígrafe potencia fiscal-real exprésase a potencia en kW, segundo a homologación de tipo, se se trata de vehículos homologados.

2.5.6 Na epígrafe observacións consignarase o nivel sonoro a vehículo parado en dB(A) medido segundo a regulamentación vixente. Consignarase tamén o réxime en revolucións por minuto e a distancia a que se realizase a medida.

2.5.7 Na epígrafe pneumáticos consignarase o número de rodas do vehículo e as dimensións dos pneumáticos. Se o vehículo pertence a un tipo homologado, os pneumáticos deberán coincidir cos consignados na ficha reducida da homologación de tipo. Non se consideran os pneumáticos de recambio.

3.7 Instrucións específicas para ciclomotores e cuadríciclos lixeiros.

3.7.1 Anularanse cunha raia os puntos 3.2.1.6, 3.2.1.6.2, 3.2.1.6.3, e desde o punto 3.2.1.7 ata o punto 3.2.1.11, ambos inclusive.

3.7.2 Na epígrafe observacións consignarase LEVA CINTOS se o vehículo equipa cintos de seguraza homologados, e NON LEVA CINTOS en caso contrario.

3.7.3 Na epígrafe observacións consignarase o valor da velocidade máxima por construción en km/h.

3.7.4 Na epígrafe número de asentos consignarase o número de prazas do vehículo.

3.7.5 Na epígrafe potencia fiscal-real exprésase a potencia en kW, segundo a homologación de tipo, se se trata de vehículos homologados.

3.7.6 Na epígrafe observacións consignarase o nivel sonoro a vehículo parado en dB(A) medido segundo a regulamentación vixente. Consignarase tamén o réxime en revolucións por minuto e a distancia a que se realizase a medida.

3.7.7 Na epígrafe pneumáticos consignarase o número de rodas do vehículo e as dimensións dos pneumáticos. Se o vehículo pertence a un tipo homologado, os pneumáticos deberán coincidir cos consignados na ficha reducida da homologación de tipo. Non se consideran os pneumáticos de recambio.»

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro, sobre normas xerais de instalación e funcionamento das estacións ITV.*

O Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro, modifícase da maneira seguinte:

Un. Modifícase o punto 2 do artigo 2.º, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Malia o sinalado no punto anterior, os informes das inspeccións, a cobertura das tarxetas ITV e certificados de características, a anotación das inspeccións técnicas e das reformas de importancia e

cantas operacións afecten o servizo de inspección deberán ser controladas polo órgano competente da comunidade autónoma.»

Dous. Modifícase o punto 1, alínea e), do artigo 5.º, que queda redactado do modo seguinte:

«e) Inspeccións realizadas para a expedición de tarxetas ITV e certificados de características, nos casos previstos na regulamentación vixente.»

Tres. Modifícase o artigo 6.º, que queda redactado nos seguintes termos:

«Art. 6.

1. Finalizada a construción da estación ITV, o órgano competente da comunidade autónoma comunicarllo ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, facilitándolle información sobre o número e tipo de liñas equipadas, datos da empresa titular, se é o caso, localización da estación, número asignado que deberá figurar nos informes de inspección técnica de vehículos, así como nos puntos correspondentes das tarxetas ITV e certificados de características e, en xeral, todos aqueles datos que definan as características da estación correspondente.

2. Unha vez recibida a notificación, o centro directivo do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio competente en materia de seguranza industrial procederá a efectuar as inscricións oportunas no Rexistro de Estacións de Inspección Técnica de Vehículos que para tal efecto se establece, co fin de facilitar a coherencia do conxunto para efectos estatísticos.»

Catro. O artigo 10 queda substituído polo seguinte:

«Art. 10.

1. O resultado da inspección técnica, así como a data en que tivese lugar, quedarán reflectidos no punto correspondente da tarxeta ITV ou certificado de características, debendo ser dilixenciado coa sinatura do director técnico da estación ITV ou pola persoa en quen delegase, logo de autorización do órgano competente da comunidade autónoma, selo da empresa titular, así como co número de orde da estación ITV, asignado de acordo co establecido no artigo 6.º 1 deste real decreto.

2. Os asinantes dos documentos a que se refire o punto anterior serán responsables da veracidade e exactitude dos datos consignados.

3. A tarxeta ITV e o certificado de características conterán as características técnicas do vehículo e terán o formato, contido e especificacións que estableza o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

4. As características indicadas na tarxeta ITV ou certificado de características serán utilizadas na identificación do vehículo na inspección técnica.»

Cinco. Modifícanse no anexo III os puntos relativos ao tipo e contrasinal de homologación do punto II.A), o punto II.C), o parágrafo segundo do punto II.E) e o apéndice 1, que quedan redactados da seguinte forma:

«Punto II.A).–Identificación da estación ITV e do vehículo:

“Tipo. Consignarase o tipo de vehículo que figure na tarxeta ITV ou certificado de características.”

“Contrasinal de homologación. Se se trata de vehículos homologados, consignarase o contrasinal de homologación que figure na tarxeta ITV ou certificado de características. Se se trata de vehículos non homologados, deixarase en branco.”

Punto II.C).–Medicións efectuadas durante a inspección:

“Para cada unha das medicións de emisións, freada e aliñación, farase constar o valor da medición obtido. Para limitación de velocidade, farase constar, no caso de vehículos obrigados á utilización do limitador de velocidade e no caso de vehículos obrigados á comprobación da velocidade máxima que alcanzan en ITV, se a devandita velocidade é maior ao valor regulamentariamente establecido, ou igual ou inferior a este, indicando o devandito valor. As medicións que non se realicen marcaranse cun guión. No caso de medicións de freada e aliñación, para cada eixe, empezando polo dianteiro, anotarase o valor da medición, separando os valores de cada eixe cunha barra inclinada. Cando a medición fose realizada con decelerómetro, o valor que se fará constar será a deceleración medida en m/s², facendo constar no punto de observacións que a devandita medición foi realizada con decelerómetro.”

Parágrafo segundo do punto II.E).–Resultado da inspección:

“Na epígrafe observacións, a estación ITV fará constar outros aspectos que considere necesarios para completar o informe de inspección. Se o resultado da inspección fose desfavorable, neste punto farase constar que o vehículo queda inhabilitado para circular polas vías públicas, excepto para o seu traslado ao taller ou para a regularización da súa situación e volta á estación ITV para nova inspección. Cando un dos defectos fose cualificado como defecto moi grave, neste punto farase constar que iso obriga a trasladar o vehículo por medios alleos a el.”

Apéndice 1, punto B.–Alcance e rastrexabilidade da inspección, punto 10.5:

“10.5 Limitación de velocidade.”

Apéndice 1, punto C.–Medicións efectuadas durante a inspección, Vel actuac limitador de veloc km/h:

“Limitación de velocidade km/h.”

Artigo cuarto. *Modificación do Real decreto 833/2003, do 27 de xuño, polo que se establecen os requisitos técnicos que deben cumprir as estacións de inspección técnica de vehículos (ITV) co fin de ser autorizadas para realizar esta actividade.*

Quedan modificados os requisitos C.9 e C.13 do anexo do Real decreto 833/2003, do 27 de xuño, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o requisito C.9, que queda redactado do seguinte modo:

«C.9 Os instrumentos de medida utilizados na estación ITV estarán suxeitos ao control metrolóxico do Estado, segundo o establecido na Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, cando exista lexislación metrolóxica ao respecto.

Os equipamentos de inspección utilizados nas estacións ITV deberán ser sometidos a controis para asegurar o seu correcto funcionamento segundo un programa definido coas seguintes frecuencias:

- Equipamentos para a comprobación do sistema de freada: trimestral.
- Equipamentos para a comprobación do sistema de luces: trimestral.
- Opacímetros: mensual.

- d) Analizadores de gases: mensual.
- e) Placas de dirección: trimestral.
- f) Bancos de dirección e carrozaría: trimestral.
- g) Velocímetros e bancos de medida de velocidade de ciclomotores: semestral.
- h) Básculas: trimestral.
- i) Decelerómetro: semestral.
- j) Dinamómetro portas transporte escolar: semestral.
- k) Sonómetro: mensual.
- l) Simulador de velocidade para limitadores de velocidade: semestral.

As frecuencias serán preceptivas para todos os equipamentos novos ou dos cales non haxa datos históricos.

Cando existan datos históricos dos equipamentos (deriva da medida, condicións ambientais de uso, cualificación do persoal que o utiliza, número de usos ou utilización) que aseguren a súa estabilidade, as estacións ITV poderán variar estas frecuencias en función dos devanditos datos.»

Dous. Modifícase o requisito C.13, cuxa redacción pasa a ser a seguinte:

«C.13 Sen prexuízo do que estableza a regulamentación específica de control metrolóxico, os equipamentos de medición deberán ser calibrados antes da súa utilización, e polo menos coas seguintes frecuencias durante o seu uso:

- a) Equipamentos para a comprobación do sistema de freada: semestral.
- b) Opacímetros: semestral.
- c) Analizadores de gases: semestral.
- d) Placas de dirección: semestral.
- e) Bancos de dirección e carrozaría: anual.
- f) Velocímetros e bancos de medida de velocidade de ciclomotores: anual.
- g) Básculas: anual.
- h) Decelerómetro: anual.
- i) Dinamómetro portas transporte escolar: anual.
- j) Sonómetro: anual.
- k) Simulador de velocidade para limitadores de velocidade: anual.

As frecuencias serán preceptivas para todos os equipamentos novos ou dos cales non haxa datos históricos.

Cando existan datos históricos dos equipamentos (deriva da medida, condicións ambientais de uso, cualificación do persoal que o utiliza, número de usos ou utilización) que aseguren a súa estabilidade, as estacións ITV poderán variar estas frecuencias en función dos devanditos datos.»

Artigo quinto. *Modificación do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos.*

Modifícanse os anexos II, XIII, XIV e XV do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, do modo que segue:

Un. No anexo II inclúese a definición de QUAD ou ATV no punto A e no punto 66 do punto B, que quedan redactados da seguinte forma:

«A. QUAD-ATV: Vehículo de catro ou máis rodas fabricado para usos específicos moi concretos, con utilización fundamentalmente fóra de estrada, con sistema de dirección mediante guiador en que o condutor vai sentado a carranchapernas e dotado dun sistema de tracción adecuado ao uso

fóra de estrada e cuxa velocidade pode estar limitada en función das súas características técnicas ou uso. Exceptúanse desta definición os vehículos incluídos nas categorías definidas nas directivas europeas 92/61/CEE do Consello, do 30 de xuño de 1992, relativa á recepción dos vehículos de motor de dúas ou tres rodas, e 2002/24/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de marzo de 2002, relativa á homologación dos vehículos de motor de dúas ou tres rodas.»

«B.66 QUAD-ATV: Vehículo de catro ou máis rodas fabricado para usos específicos moi concretos, con utilización fundamentalmente fóra de estrada, con sistema de dirección mediante guiador en que o condutor vai sentado a carranchapernas e dotado dun sistema de tracción adecuado ao uso fóra de estrada e cuxa velocidade pode estar limitada en función das súas características técnicas ou uso. Exceptúanse desta definición os vehículos incluídos nas categorías definidas nas directivas europeas 92/61/CEE do Consello, do 30 de xuño de 1992, relativa á recepción dos vehículos de motor de dúas ou tres rodas, e 2002/24/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de marzo de 2002, relativa á homologación dos vehículos de motor de dúas ou tres rodas.»

Dous. O punto 6.º da letra C) do anexo XIII queda redactado nos seguintes termos:

«Tarxeta de inspección técnica de vehículos ou certificado de características, con recoñecemento en vigor.

En caso de duplicado por extravío ou subtracción, non será necesaria a presentación da tarxeta de inspección técnica ou o certificado de características se existe constancia de que o vehículo está ao corrente das inspeccións periódicas.»

Tres. O punto 4.º da letra B), do número 1, do punto I; o punto 7.º da letra A) e o punto 4.º da letra B), ambos do punto II, todos eses do anexo XIV, quedan redactados como segue:

«Tarxeta de inspección técnica ou certificado de características, con recoñecemento en vigor.»

Catro. O último parágrafo da letra C) do anexo XV queda redactado nos seguintes termos:

«No caso de que a tarxeta de inspección técnica ou o certificado de características non tivese o recoñecemento en vigor no momento de solicitarse a alta, deberá someterse o vehículo a inspección técnica e, unha vez superada esta, a Xefatura de Tráfico procederá a devolver o permiso de circulación ao interesado.»

Disposición transitoria primeira. *Transición do certificado de características á tarxeta ITV.*

1. Os certificados de características poderán seguir utilizándose ata que se esgoten as súas existencias para matriculación de ciclomotores e cuadríciclos lixeiros.

2. Naqueles ciclomotores de dúas ou tres rodas e cuadríciclos lixeiros que dispoñan de certificado de características, as anotacións das inspeccións técnicas ITV realízanse sobre unha folla adicional de tarxeta ITV, que para tal efecto dilixenciará a estación ITV que realice a primeira inspección. Esta folla adicional quedará grampada xunto co certificado de características do vehículo, quedando sometida ao disposto no artigo 26 do Regulamento xeral de vehículos.

3. Os certificados de características dos vehículos matriculados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto seguirán sendo válidos para a circulación

destes vehículos, así como para a realización de calquera trámite referido ao vehículo ante as xefaturas de tráfico ou outros órganos da Administración.

4. Cando como consecuencia da realización dalgún trámite sexa necesaria a expedición dun novo certificado de características, emitirase unha tarxeta ITV. A tarxeta ITV deberá ter cubertos soamente os datos que figuraban no anterior certificado de características.

5. Calquera mención que se realice na normativa vixente ao certificado de características entenderase referido á tarxeta ITV.

Disposición transitoria segunda. *Prazos para a obrigatoriedade da inspección periódica aos ciclomotores e cuadríciclos lixeiros.*

1. Os ciclomotores e cuadríciclos lixeiros obrigados a pasar inspección periódica, segundo o establecido no artigo 6.a) e b) do Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, deberán comezar a pasar a inspección periódica dentro dos seguintes prazos:

Número de matrícula rematado en 0: antes de que transcorran seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

Número de matrícula rematado en 1: no mes seguinte a partir da terminación do prazo anterior.

Número de matrícula rematado en 2: no mes seguinte a partir da terminación do prazo anterior.

Número de matrícula rematado en 3: no mes seguinte a partir da terminación do prazo anterior.

Número de matrícula rematado en 4: no mes seguinte a partir da terminación do prazo anterior.

Número de matrícula rematado en 5: no mes seguinte a partir da terminación do prazo anterior.

Número de matrícula rematado en 6: no mes seguinte a partir da terminación do prazo anterior.

Número de matrícula rematado en 7: no mes seguinte a partir da terminación do prazo anterior.

Número de matrícula rematado en 8: no mes seguinte a partir da terminación do prazo anterior.

Número de matrícula rematado en 9: no mes seguinte a partir da terminación do prazo anterior.

2. Malia o disposto no punto anterior, as comunidades autónomas poderán diferir en disposicións que diten para o efecto, por falta de infraestruturas adecuadas, a obrigatoriedade de inspección periódica dos ciclomotores de dúas rodas, ata tres anos desde a publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1. 21.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de xuño de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

11201 *ORDE PRE/1980/2006, do 19 de xuño, pola que se inclúen as substancias activas warfarina, tolilfluanida, forclorfenurón, indoxacarb, oxamilo e 1-metilciclopropeno no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. («BOE» 149, do 23-6-2006.)*

A Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, relativa á comercialización de produtos fitosanitarios, inclúe no seu anexo I as substancias activas que foron autorizadas para a súa incorporación nos produtos fitosanitarios. Esta directiva incorpórase ao ordenamento xurídico español en virtude do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. Por outra parte, na Orde do 14 de abril de 1999, establécese o anexo I do devandito real decreto, baixo a denominación «Lista comunitaria de substancias activas», que se define no punto 16 do artigo 2 da devandita norma como a lista das substancias activas de produtos fitosanitarios aceptadas pola Comisión Europea e cuxa incorporación se fará pública mediante disposicións nacionais, como consecuencia doutras comunitarias.

A Directiva 91/414/CEE, do Consello, do 15 de xullo de 1991, foi modificada por sucesivas directivas co fin de incluír no seu anexo I determinadas substancias activas. As últimas foron, a Directiva 2006/5/CE da Comisión, do 17 de xaneiro, mediante a cal se inclúe a substancia activa warfarina, a Directiva 2006/6/CE da Comisión, do 17 de xaneiro, mediante a cal se inclúe a substancia activa tolilfluanida, a Directiva 2006/10/CE da Comisión, do 27 de xaneiro, mediante a cal se inclúen as substancias activas forclorfenurón e indoxacarb, a Directiva 2006/16/CE da Comisión, do 7 de febreiro, mediante a cal se inclúe a substancia activa oxamilo, e a Directiva 2006/19/CE da Comisión, do 14 de febreiro, mediante a cal se inclúe a substancia activa 1-metilciclopropeno. A presente orde incorpora ao ordenamento xurídico as directivas anteriormente citadas mediante a inclusión das substancias activas warfarina, tolilfluanida, forclorfenurón, indoxacarb, oxamilo e 1-metilciclopropeno no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

As disposicións citadas establecen as condicións para que a comercialización de produtos fitosanitarios que conteñan as referidas substancias activas non teñan efectos nocivos para a saúde humana ou a saúde animal nin para as augas subterráneas, nin teñan repercusións inaceptables para o medio, así como para que se revisen as autorizacións existentes de produtos fitosanitarios que conteñan algunha das substancias activas que se inclúen no anexo I da Directiva 91/414/CEE, do Consello, do 15 de xullo de 1991, relativa á comercialización de produtos fitosanitarios modificándoas ou retirándoas, de conformidade co establecido para o efecto na devandita directiva.

A presente orde dítase de acordo coa facultade establecida na disposición derradeira primeira do devandito real decreto.

A Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe preceptivo sobre esta disposición. Así mesmo, na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente, dispoño: